

## Circular informativa do grupo de traballo de Economía da Empresa

Estimados/as profesores/as,

De cara ao curso 2017-18, o grupo de traballo de Economía da Empresa traslada por medio da presente circular a seguinte información relativa ás orientacións básicas do grupo de traballo e ao modelo de exame de Economía da empresa:

**Primeiro:** na páxina web da CIUG están publicadas as orientacións básicas do grupo de traballo para o curso 2017-18. Estas orientacións incorporan algúns cambios que se estimaron pertinentes co obxecto de axustarse o máis estritamente posible ao establecido na normativa vixente tanto a nivel estatal como autonómico. En todo caso, tal e como se pode comprobar, os cambios introducidos son pouco significativos en relación coas últimas orientacións facilitadas para o curso pasado (curso 2016-17).

**Segundo:** aínda que o modelo de exame (estrutura, número e tipo de preguntas) vixente ata o curso 2016-17, en liñas xerais, axustábase á normativa en vigor, estimamos oportuno realizar un cambio que afecta á parte teórica do exame.

Concretamente, no novo modelo de exame en cada unha das opcións o alumno deberá responder aos seguintes tipos de preguntas:

- Catro preguntas de resposta curta que requiren a elaboración de explicacións breves por parte do alumno (cun valor de 1 pto cada unha). Son preguntas equiparables en todos os sentidos ás que no modelo de exame anterior outorgábaselles unha puntuación de 0,75 ptos. (A título orientativo, a resposta correcta a estas preguntas en ningún caso esixiría superar as 90-100 palabras).
- Dúas preguntas de resposta curta que non esixen que o alumno elabore unha explicación e que se respostan cunha palabra, unha enumeración de elementos ou unha frase curta (cun valor de 0,5 ptos cada unha)
- Dous casos prácticos ou problemas (cun valor de 2,5 ptos. cada un).

Os devanditos cambios no modelo de examen permiten un axuste máis preciso da proba da ABAU á porcentaxe ou peso que cada un dos bloques de contidos debe ter no exame segundo o establecido na matriz de especificacións publicada no BOE para materia Economía da empresa.

A principal consecuencia desta modificación é a supresión da pregunta de desenvolvemento na parte teórica do exame. Neste senso, convén salientar que esta pregunta tiña un valor de 2 puntos e era a que xeraba maiores desviacións na aplicación dos criterios de corrección específicos por parte dos correctores que participaban no proceso de avaliación.

Polo demais, na parte práctica non se introduce ningún cambio nin se altera o peso que se lle outorgaba a esta parte no conxunto do exame (50%).

Na páxina web da CIUG/CIUG pódese consultar a información actualizada á que se fai referencia nesta circular e, en particular, pode verse un exemplo de exame que se axustaría ao novo modelo.

Quedamos á vosa enteira disposición para calquer consulta, aclaración ou suxestión.

O grupo de traballo,